



RECOMENDACIÓN 1P/2009, de 29 de novembro de 2009, do Pleno da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia, relativa á procedencia ou improcedencia de esixir ao adxudicatario dun contrato de obra o pagamento de honorarios de dirección das obras contratadas.

ANTECEDENTES:

I. En atención ao disposto no artigo 2.6 do *Decreto 237/2007, de 5 de decembro, polo que se crea a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia e se regulan a súa composición e funcións*, entre as súas competencias figura a de realizar estudos e investigación sobre contratación administrativa e dar traslado aos órganos de contratación das recomendacións que deles se deriven.

II. A Federación Galega da Construción, como organización empresarial representada na Xunta Consultiva de contratación Administrativa, solicitou deste órgano pronunciamento expreso sobre a práctica, observada fundamentalmente en distintos Concellos da Comunidade Autónoma, de obrigar aos adxudicatarios dos contratos de obra a asumir os custos de dirección das mesmas.

III. Polo anteriormente exposto, este órgano acorda a adopción da presente RECOMENDACIÓN a todos os entes e entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia:

RECOMENDACIÓN

1º.- Os traballos de dirección de obra, descritos con profusión na Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación, e outras normas do sector, son unha prestación de facer consistente no desenvolvemento dunha actividade e, como tal, teñen a consideración de servizo a efectos da Lei 30/2007, de 30 de outubro de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP).

2º.- Os custos da dirección de obra ten que asumilos a Administración ou entidade do sector público promotora das obras, ben a través dos seus propios técnicos ben mediante o correspondente contrato de servizo, sen que os devanditos custos poidan ser considerados incluídos no concepto de gastos xerais do orzamento da obra por contravir o disposto no artigo 131 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos da Administracións Públicas (aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro) no que se definen os conceptos de orzamento de execución material e orzamento base de licitación.

A mesma consideración debe facerse ante o incremento do prezo do contrato para tal finalidade xa que, ao supoñer o financiamento dun contrato distinto a cargo do adxudicatario estase a conculcar o artigo 25.2 da LCSP en tanto que ambas prestacións contratadas non teñen a vinculación de complementariedade que esixan a súa consideración e tratamento como unha unidade funcional.



3º.- Tamén debe considerarse contraria á lei a inclusión, entre os criterios de adxudicación dun contrato de obra, da asunción polo ofertante do pagamento da súa dirección, por tratarse dun criterio que non esta, en expresión literal do artigo 134 da LCSP, “directamente vinculado ao obxecto do contrato”.

4º.- No mesmo sentido cabe pronunciarse ante a inclusión da obriga de pagamento entre as condicións de execución do contrato. Ás razóns xa expostas, ao facer referencia ao financiamento dun contrato distinto, debe unirse a falta de definición do obxecto do contrato e a ausencia de concreción do prezo certo da contraprestación esixido artigo 26 da LCSP.

5º.- Consideracións análogas deben realizarse para os gastos de dirección auxiliar da obra ou de coordinación de seguridade e saúde.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2009